

Liñas prioritarias de actuación da B.E. para o curso 2014-2015  
Biblioteca Escolar "Florencio Delgado Gurriarán"  
Ceip Condessa de Fenosa  
O Barco de Valdeorras  
(Ourense)

Antes de comezar este proxecto queremos sinalar que basicamente imos seguir as liñas de traballo do presente curso, xa que entendemos que supoñen un plan bastante acaído as necesidades e posibilidades do noso centro.

#### **Actuacións en relación coa organización e xestión**

Seguimos sen instalar a **porta de separación entre as dúas salas** da biblioteca, actuación que pensamos melloraría o funcionamento da biblioteca pero que non conseguimos que ningunha empresa se decida a acometer, debido probablemente a que implica o cambio de lugar dun radiador e dos correspondentes condutos de alimentación. A pesares dos atrancos non imos parar deica ver instalada a porta, polo que seguimos incluíndo neste proxecto esta actuación.

Comezamos xa neste curso coa **sinalización dos andeis** coas cores da CDU. Nun principio non levamos adiante este proxecto para ver como se desenvolvía o alumnado sen esta referencia, pero pensamos que pode facilitar bastante as cousas se as cores de cada materia están visibles no mobiliario. Daquela remataremos a tarefa cara ao curso que vén.

Neste mesmo apartado de sinalización teremos que marcar coas **cores da CDU** o lombo dos **libros**, tarefa que xa se realizaba e que nos últimos tempos, por falla de tempo, non se realizou co que hai títulos que carecen dela, dificultando a súa identificación cunha das siglas da CDU.

Tamén teremos que esforzarnos en conseguir máis tempo para as **tarefas de catalogación**, pois hai momentos do ano en que os novos títulos chegan e non se dan xestionado coa debida velocidade.

Continuaremos como ata o de agora co traballo dos **axudantes de biblioteca**, traballo moi interesante polo que ten de implicación do alumnado na xestión deste noso recurso. As actividades de formación dos axudantes terán que ser máis sistematizadas, sobre todo no control do programa de xestión de empréstanos, así como na delimitación de funcións dos axudantes de cada día (silencio, ordenadores, empréstanos...)

#### **Actuacións en relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, coa súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:**

Continuaremos coas actividades habituais da nosa biblioteca como a edición do "Barquiño de Papel" o **boletín da biblioteca**, **recomendacións lectoras**, a edición do **blogue** no que se tentará promover a participación do alumnado por medio dos comentarios, e a **hora das tarefas**, coa que se tenta facilitar a realización de traballos de investigación, ampliación e/ou de reforzo, encargadas dende as aulas.

Seguiremos colaborando nos **programas contrato** de mellora da escritura, lectura e cálculo que se concerten entre este colexio e a administración, mediante o asesoramento nas programacións destes contratos, e o emprego do propio espazo e recursos da biblioteca no desenvolvemento destas actividades.

#### **Actuacións en relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información**

Na mesma liña que en anos anteriores seguiremos tentando elaborar materiais que axuden ao desenvolvemento das competencias en información do noso alumnado, tales como miniwebquests, paquetes de actividades con LIM ou Jclic, nas letras galegas, efemérides, proxectos documentais, etc..., e, tamén para a propia **formación de usuarios** da biblioteca e o coñecemento da súa organización e recursos, así como para o manexo dos lectores electrónicos con que conta a biblioteca.

No tocante ao **proxecto documental**, en anos anteriores centrámoslos en temáticas relacionadas co estudo da nosa contorna (celtas e romanos en Valdeorras, a paisaxe en Valdeorras e Edificios do Barco), polo que queremos promover un proxecto que trate dunha materia no ámbito científico.

A nosa proposta, a falta dunha reunión de coordinación cos diferentes equipos que traballan no centro e cos que elaboramos conxuntamente os anteriores proxectos e cos que queremos seguir colaborando no futuro, sería a de estudar os distintos sistemas do corpo humano. A razón da elección é a de que dispomos de bastante bibliografía para realizar o traballo e de que forma parte do currículo de todos os cursos e resulta moi atractivo para os nenos e nenas.

Nos **proxectos de infantil** tamén se ten colaborado, e pensamos que se debe seguir colaborando aportando bibliografía dos distintos temas que se van traballando nas distintas aulas desta etapa educativa.

Tamén queremos que o resultado do proxecto se edite en forma de libro electrónico para ser lido nos dispositivos electrónicos cos que conta a Biblioteca e que estamos tentando dinamizar. A elaboración de material propio para estes dispositivos de lectura pode supoñer un valor engadido para a promoción dos mesmos.

A **olimpíada do saber**, concurso de procura de informacións ao través de pistas, e que é unha das actividades máis seguidas das que se propoñen dende a Biblioteca, volverá ter unha nova edición. Dado que a nosa proposta de proxecto documental vai xirar en torno aos sistemas do corpo humano, procuraremos que a olimpíada tamén toque o mesmo tema, engadindo deste xeito un valor extra de motivación á investigación.

Os **Axudantes da biblioteca**, un dos piares da nosa biblioteca, continuarán realizando as súas tarefas de empréstanos, control do silencio e organización das quendas de acceso aos ordenadores. Se ben o traballo que desenvolven valorámolo como moi satisfactorio pensamos que hai apartados nos que é posible mellorar a súa eficacia, fundamentalmente no que se refire á xestión do programa informático da biblioteca. Para iso imos levar adiante actividades específicas de formación que se desenvolverán nos primeiros días do próximo curso, unha vez que teñamos a listaxe de voluntari@s.

No tocante á dotación de **ordenadores** da biblioteca, seguimos contando con catro unidades para uso do alumnado e dous para tarefas da biblioteca (un para xestión e outro para audiovisuais), nun número que nos parece suficiente dadas as dimensións da biblioteca. O que si podería ser interesante é a renovación dalgún dos equipos que presenta problemas de hardware que provocan numerosos problemas de funcionamento.

Os **marcadores organizados pola CDU**, que temos proxectado facer seguen en proxecto xa que non houbo tempo material para a súa elaboración. Con todo pensamos que é un proxecto interesante, e que probablemente se poida incluír dentro dos obxectivos dun PFAC que nos gustaría organizar sobre a plataforma MOODLE, e que incluíría unha selección de recursos web agrupados por materias.

Sobre este tema das fontes e recursos en internet deberemos esforzarnos no tratamento ético das informacións recollidas. Decatámonos de que o alumnado (e incluso o profesorado) á hora de coller un recurso na Web non adoita citar a procedencia, cando si que se citan no caso de ser un libro a fonte consultada. Coidamos que debemos coidar máis as citas das fontes bibliográficas e recursos Web utilizados nos traballos, para o que elaboraremos unha **guía**, a incluír na formación de usuarios dos cursos superiores, indicando o xeito correcto de **citar as obras** (físicas e virtuais) empregadas na realización dos traballos.

Por último sinalar que neste ano que remata puxemos xa en marcha de xeito experimental un **club de lectura con libros electrónicos**. Durante todo o curso levamos adiante un grupo de traballo que procuraba a capacitación dun grupo do profesorado no manexo destes dispositivos, para que, ao seu tempo puidesen desempeñar tarefas de animación á lectura nos clubs de lectura electrónicos. No terceiro trimestre comezou o seu funcionamento o primeiro clube de lectura electrónica do colexio, coa participación de 7 alumnos e alumnas de terceiro curso de primaria.

Para o curso que vén temos que desenvolver a lectura electrónica no centro, tentando que cando menos cada clube de lectura lea un libro en dispositivos electrónicos. Tamén tentaremos que os clubs de escritura creen contos que poidamos editar para o seu uso en e-readers.

Por último, e en colaboración co equipo de normalización lingüística tentaremos continuar co proceso de tradución de libros en dominio público ao galego, poñéndoos a disposición da comunidade na web da Biblioteca.

### **Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro**

Continuaremos coas actividades xa postas en marcha nos cursos pasados e que acadaron unha boa valoración por parte dos usuarios e do profesorado, como son o **Programa de Lectura Silenciosa**, incluíndo nesta actividade dun xeito permanente, a **Lectura dos Venres**, actividade na que cada clase semanalmente despraza aos seus alumnos ao resto do colexio para ler en voz alta poemas de autores galegos. Dentro desta actividade xurdiron algunhas diferencias na preparación destas lecturas, xa que nalgúns cursos se reduce á elección do texto a ler e hai unha escasa preparación das pausas, entoación, volume... Queremos que para o ano que vén todos os cursos se impliquen dun xeito maior na preparación destas lecturas para que o resultado mellore.

Asemade seguiremos realizando **Suxestións de lectura** periódicas, a maiores das que se coloquen nos Barquiños, **exposicións de libros**, tanto de novidades como temáticas coincidentes coas festividades e conmemoracións escolares, **recomendacións de lecturas** gravadas en vídeo e colgadas no blogue, e **libros descolocados** situados fóra dos andeis para incentivar a curiosidade dos usuarios.

Outras actividades, como son **Vaille co conto ao profe** e **Os martes... conto**, con resultados que

seguen sendo moi satisfactorios continuarán co mesmo modelo de organización. Tamén faremos o propio co **obradoiro de contacontos de pais/nais** que deu uns resultados altamente positivos, sobre todo polo que atinxe á participación e implicación das familias no desenvolvemento lector dos seus fillos, grazas tamén, en grande medida á implicación nesta actividade do equipo de profesorado de ensino infantil. Como reforzo desta actividade temos desenvolvida unha política de adquisición de fondos de libros con pop-ups moi motivadores e que xa este ano se lle están a dar un uso moi interesante.

Os **clubes de lectura e clubes de escritura** seguirán funcionando co mesmo esquema que este ano, dado que están a dar uns froitos moi interesantes. Tal e como se dixo no apartado anterior tentaremos que cando menos se faga unha lectura en cada club empregando dispositivos electrónicos, para o que teremos en conta o número de dispositivos cos que contamos para a distribución de participantes en cada club.

Queremos tamén que os clubs traballen a lectura de contos co **Kamishibai**, actividade que xa se levou adiante este curso así como nos anteriores, e que resulta moi positiva, tanto nos óntes como nos lectores. Sinalar tamén que o kamishibai foi empregado en actividades como o día da ciencia en galego con resultados moi positivos, e que pretendemos potenciar este uso tamén no curso 2014-15.

Nos clubs de escritura traballamos a **realización de curtas de animación**, álbumes virtuais (storybird) e cómics, e que retomaremos de novo de cara ao ano próximo, xa que valoramos moi positivamente o traballo necesario para a súa realización (creación dun guión, realización do storyboard, manexo do programa -domonation-, difusión na rede).

No tocante ás tarefas de **tradutores da galipedia** realizáronse traducións por parte do profesorado, pero non atopamos artigos axeitados para o alumnado, polo que, e enlazando coas propostas de tradución que expuxemos para os lectores electrónicos, pensamos que haberá que trasladar a idea da tradución ao verquido de contos ao galego por parte dos clubs de escritura.

O **Proxecto Lector do centro** por fin está revisado, discutido por todo o claustro e aprobado. Agora teremos que difundilo entre o profesorado que chegue novo ao centro, e, entre todos poñelo en marcha, non tanto nas actividades nas que a biblioteca estea implicada directamente se non na práctica cotián nas clases.

### **Outras actuacións**

A **Web da biblioteca** neste curso seguiu aportando recursos, fundamentalmente dende a páxina de proxectos, como ocorría en cursos pasados, pero debemos acometer a reforma da páxina de enlaces e recursos, quizais cun formato máis dinámico, como pode ser un Simbaloo ou algún recurso semellante.

A actividade do **Mercadiño de Intercambio de Libros** séguese impoñendo como unha das máis participativas e mellor valoradas polo alumnado. Daquela imos continuar con ela como un dos xeitos de celebrarmos o día do libro, canda outras actividades como a **lectura no comedor**, onde recollendo a tradición dos refectorios monacais medievais, oímos lecturas mentres xantamos, actividade esta que quizais se podería estender a unha sesión mensual. Tamén se realizan outras actividades como a da **lectura de textos de terror** no Samaín,

Os **expurgos** nos serviron este ano para poñer un **punto de intercambio de libros** libre no exterior do colexio. Aproveitando unha antiga caixa niño acondicionámola para poñer nela os libros que xa non tiñan cabida na colección da biblioteca. O certo é que, contra todas as previsións que auguraban que non ía durar nada e que ía ser destruída no primeiro día de “botellón”, este punto colleu unha dinámica propia con doazóns anónimas, xente que collía os libros e os intercambiaba ou que simplemente os levaba para casa para ler e quedaba con eles. Dada este inesperado éxito da proposta continuaremos con el durante o vindeiro curso.

### **Criterios e procedementos de avaliación**

Pensamos que os criterios que se marcaron en cursos anteriores seguen a ser correctos. Queremos seguir avaliando constantemente a nosa actividade, introducindo as modificacións oportunas en canto sexan detectados fallos, sen ter que esperar a unha avaliación final. Tamén queremos manter un contacto constante ao través dos equipos de ciclo coas sensibilidades distintas dentro do centro, facéndonos eco das suxestións que xurdan nesas reunións e mesmo incitando as críticas e os aportes enriquecedores.

En todo caso, do mesmo xeito que o ano pasado, como proceso final da avaliación tentaremos valorar unha serie de indicadores que poden informarnos do proceso final do noso traballo, como son:

- Número de empréstanos realizados, tanto a nivel individual como nas bibliotecas de aula.
- Nivel de participación do alumnado nos clubs de lectura e escritura

- Participación en distintas actividades (Olimpíada do saber, concursos, vaille co conto...)
- Número de profesorado voluntario nas actividades da biblioteca
- Número de visitas ao blogue
- Utilización polo profesorado dos distintos recursos que a biblioteca pon á súa disposición.
- Calidade dos traballos realizados

Faremos **enquisas** de satisfacción entre o alumnado empregando formularios en Google Docs.

Tamén queremos continuar este ano a empregar a **ferramenta de avaliación de bibliotecas escolares** centrándonos noutro aspecto distinto ao que se realizou este ano, para así poder avaliar a nosa proposta empregando parámetros obxectivos.

#### **Persoa designada como responsable/dinamizador da Biblioteca Escolar.**

A persoa que se responsabilizará da marcha da Biblioteca é Xoaquín Freixeiro Alvarez, actual encargado da mesma.

Sinalar o feito de termos un grupo estable de Apoio á Biblioteca, con mestres comprometidos no desenvolvemento das actividades, ilusionados na mellora da nosa oferta, dispostos a asumir os seus espazos de responsabilidade, o que permite garantir, por unha banda, a continuidade do traballo ano tras ano, poñendo rapidamente as actividades en marcha, así como desenvolver novos proxectos e incluír aspectos de mellora das actividades xa realizadas en cursos anteriores.

O Responsable da biblioteca

Vº Bº da Dirección

Xoaquín Freixeiro Alvarez

Francisco Pérez Lemos